

FOLLAS ANTIGAS

Ata a publicación de *Folla Bricia (Poesía galega completa)*, a obra de Xosé Crecente Vega estaba no máis absoluto esquecemento, escurecida pola luz dos que compartiron con el unha época, a de comezos do século XX, arriquecedora e vibrante para as nosas letras. En edición de Ricardo Polín, e acompañado dun exhaustivo estudio biobibliográfico, atopamos agora recollida neste volume a obra completa dun autor que só dera ó prelo *Codeseira* pero deixara moitos textos inéditos. Neles amosa unha veta lírica de raíz popular que se recrea nos detalles máis sentidos da “*Codeseira de codesos/ que recendes a bravío;/ que te-los braciños tesos/ i os pelos dreitos co frío*”, espacio cósmico do poeta.

Tempos Novos, 80, xaneiro 2004, p. 70